



### Clasificación

**Reino** Animalia

**Filum** Porifera

**Clase** Demospongiae

**Subclase** Heteroscleromorpha

**Orde** Haposclerida

**Familia** Chalinidae

### Descrición

Esponxa incrustante de forma masiva, ou de coxín, da que xorden protuberancias finas de forma variable, que poden chegar a acadar unha lonxitude de 4 centímetros. A esponxa, de aspecto compacto, pode alcanzar un tamaño máximo de 20 centímetros. O crecemento destas protuberancias pode ser vertical ou lateral, as de maior diámetro presentan un ósculo no seu ápice, mentres que as máis estreitas son cegas. Os ósculos poden ser abundantes e adoitan elevarse sobre a superficie en forma de grosos tubos. A súa consistencia é máis ben firme e a súa superficie é suave, aínda que lixeiramente hispida cun tacto reseco. A cor da esponxa é abrancazada, rosada ou amarronada, con interior marrón amarelento ou púrpura.



### Hábitat e Bioloxía

Desde os 10 ata os 50 metros de profundidade, sobre fondos rochosos. Aínda que a orientación da rocha onde medra é variable, adoita estar en paredes verticais, en zonas de correntes moderadas de marea. Soporta ben o limo. Da súa exposición á luz solar depende a súa cor: a pouca luz, como por exemplo en grutas, a súa cor é abrancazada, mentres que a moita exposición a súa cor case é amarronada.

Tamén inflúe o dinamismo da auga nas súas formas, mentres que en zonas de correntes, pero protexidas do embate das ondas, forma longas fistulas que normalmente sobresaen dun bordo oscular, nas zonas expostas á ondada non mostra fistulas, só os ósculos elevados. Son animais hermafroditas que poden reproducirse tanto sexual como asexualmente.

## *Haliclona (Halichocona) fistulosa* (Bowerbank, 1866)

### Especies semellantes

*Haliclona (Gellius) angulata* (Bowerbank, 1866), forma fistulas baixas en forma de cogomelo ou aplanadas e é de cor rosada coas fistulas translúcidas.

*Haliclona (Haliclona) simulans* (Johnston, 1842), é unha especie moi polimórfica, pero a súa aparencia é porosa e adoita presentar zonas con diferentes coloracións amarronadas.

### Distribución

Desde as Illas Británicas ata o Mediterráneo.



### Curiosidades

O nome da especie, *fistulosa*, é un epíteto latino que significa 'con fistulas', 'con proxeccións' e refírese ás protuberancias que presenta sobre a súa superficie.